

COGAMI promove a inclusión das persoas con discapacidade

A entidade sen ánimo de lucro conta cun amplo abano de servizos de formación, emprego e sensibilización que apostan por unha sociedade máis inclusiva e consciente

► TEXTO: CONCHA GÓMEZ
FOTOS: D.P.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) agrupa a 17 entidades da provincia de Pontevedra e dedícase a promover a inclusión das persoas con discapacidade.

Esta organización sen ánimo de lucro réxese pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a carta de Dereitos Sociais da UE, as normas de Igualdade e a Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Os seus valores inclúen a transparencia, innovación, calidade, profesionalidade, democracia interna, e un enfoque de xénero, defendendo a igualdade, solidariedade, participación, implicación social e independencia.

COGAMI ofrece información e asesoramento sobre xestión de recursos, certificado de discapacidade, accesibilidade en vivendas, inclusión laboral e escolarización, ... Tamén realiza actividades de sensibilización para combater estigmas e estereotipos sobre a discapacidade, en colexios, entidades, concellos e empresas, e destaca a importancia da promoción da autonomía persoal para que as persoas con discapacidade poidan levar a cabo os seus proxectos de vida. A través do deseño de plans de accesibilidade para administracións e entidades, COGAMI busca a mellora das contornas urbanas, monumentais, industriais e deportivas para facilitar a ergonómia e transitabilidade.

SERVIZOS EN PONTEVEDRA. A entidade conta con diferentes servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, como o centro de atención diurna que ten ubicado en Monteporreiro. «A través dos servizos que prestamos desde COGAMI pretendemos fomentar a inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos sociais, dende a atención temperá ata no ámbito da formación e do emprego, entre outros», explica Paulo Fontán, membro da Xunta



Técnicas da Área de Emprego de COGAMI. DP



Persoas do Centro de Atención Diurna de COGAMI en Monteporreiro. DP

Como poden colaborar as empresas con COGAMI?

As empresas poden colaborar adaptando as súas instalacións para facelas máis accesibles, facilitando así a contratación de persoas con discapacidade. Moitas empresas non son accesibles, como ocorre na contorna en xeral, onde moitos negocios teñen chanzos na entrada, baños sen adaptar e situados nos sotos ou oficinas nun primeiro andar sen ascensor. As empresas tamén poden

colaborar coa contratación de bens e servizos realizados por persoas ou empresas de iniciativa social. COGAMI promove unha parte empresarial propia e conta con Centros Especiais de Emprego cun abano de produtos e servizos que xeran oportunidades laborais para as persoas con discapacidade.

En canto ao tecido empresarial, «temos moitas experiencias de empresas que inicialmente tiñan prexuízos na contratación e, no momento no que deron o paso, seguiron contratando e contando con persoas con discapacidade nos seus equipos de traballo», explica Fontán.

NON É DOADO PARA COGAMI CONVENCER ÁS EMPRESAS DA NECESIDADE DE CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDADE

directiva de COGAMI.

EMPREGO E FORMACIÓN. No tocante ao eido formativo, desde COGAMI desenvólvense «un amplo abano de cursos para mellorar a capacitación das persoas e a súa inclusión laboral». Asemade, a través de accións de intermediación, orientación e prospección de emprego «achega diferentes ofertas laborais que

capta do tecido empresarial e ofertas de emprego propias», subliña Paulo Fontán.

O servizo de de emprego de COGAMI contacta coas diferentes empresas para transmitir a necesidade de que inclúan a persoas con discapacidade nos seus cadros de persoal.

O obxectivo é «sensibilizar ás empresas para que contraten a persoas con discapacidade». Ao mesmo tempo desenvólvense cursos de formación «para que poidan adquirir competencias e ferramentas útiles para ampliar os seus coñecementos de cara á inserción», engade Fontán.

SENSIBILIZACIÓN. Con respecto ás políticas de contratación, Paulo Fontán explica que tanto en Pontevedra como en todas as zonas «realmente custa moito traballo» convencer ás empresas privadas para que ofrezan posibilidades de emprego a persoas con discapacidade. «Cómpre recordar que as empresas con máis de 50 persoas traballadoras están obrigadas por lei a contemplar a cota de reserva dun 2% do persoal a persoas con discapacidade».

Desde o Servizo de Emprego de COGAMI participan en xornadas do tecido empresarial para insistir na importancia de cumprir a normativa e demostrar que as persoas con discapacidade teñen a capacidade para desempeñar o seu traballo.

Como explica Fontán «custa moito que as empresas se decidan a contratar a persoas con discapacidade», subliña Fontán quen recalca que «debería haber máis oportunidades laborais e que as empresas deberían ter maior conciencia de inclusión, xa que as persoas con discapacidade somos plenamente capaces de traballar en calquera sector», conclúe.

Máis información sobre COGAMI en Rúa da Cruz Vermella, nº 16, baixo (Pontevedra), no teléfono: 986 863 709 ou no email: silpontevedra@cogami.gal e tamén en Monteporreiro (Rúa Alemaña, nº 23), teléfono: 986 845 250 e email: crd.monteporreiro@cogami.gal.

COMPROMISO SOCIAL

construccionesramirez.com

RAMÍREZ
CONSTRUCCIONES